

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento	Expediente	
CONZI04G	CON/68/2014	

ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro e montaxe de neumáticos, equilibrados de rodas e alineacións de dirección para os diferentes vehículos adscritos ó Parque Móbil do Concello de Santiago.

TIPO DE LICITACIÓN: 12.376,03 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela Urbanismo, 2 de febreiro de 2015, ás 10:30 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª Manuel Martínez Varela
Vocales: D./Dª. Teresa Gutiérrez representante do grupo PP.
 D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
 D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
 D./Dª. José Rey, encargado Parque Mobil,
 D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.
 D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.
Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	22/01/2015	2293	NEUMATICOS PAJARO, SL.

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación relativa ós criterios de negociación dos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVE excluído)	MELLORA
1	NEUMATICOS PAJARO, SL	40%	Non

Rematada a apertura dos sobres, e comprobada a inasistencia do único licitador presentado e convocado ó acto de negociación, a mesa **ACORDA:**

Trasladar ao concelleiro delegado de Contratación o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requerir ó licitador **NEUMATICOS PAJARO SL**, que oferta unha porcentaxe de desconto do 40% a aplicar sobre o cadro de prezos unitarios, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requerimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 10:35 horas, levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
 O/A PRESIDENTE DA MESA**

O/A SECRETARIO DA MESA



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento	Expediente	
CONZI04G	CON/68/2014	

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro e montaxe de neumáticos, equilibrados de rodas e alineacións de dirección para os diferentes vehículos adscritos ó Parque Móbil do Concello de Santiago.

TIPO DE LICITACIÓN: 12.376,03 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela Urbanismo, 19 de febreiro 2015, ás 8:55 Horas.

ASISTENTES:


Presidente: D./Dª Manuel Martínez Varela
Vocales: D./Dª. Ramón Quiroga representante do grupo PP.
D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D./Dª. José Rey, encargado Parque Mobil,
Dna. Ana Gago, Viceinterventora Municipal.
Dna. Rocío Montañés Fernández, en funcións da Dirección da asesoría xurídica municipal.
Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **NEUMATICOS PAJARO SL.**, consideran que a documentación aportada pola empresa para xustificar a solvencia técnica non se axusta ao requerido no prego de cláusulas administrativas no seu artigo 4.2, presentando unicamente un listado de servicios prestados sen acompañar documentación acreditativa dos mesmos, polo que, de conformidade co sinalado no propio prego acordase outorgar ao licitador o prazo de **tres días hábiles** para subsanar as deficiencias observadas, requiriéndolle a aportación dos certificados de boa execución dos contratos máis importantes dos últimos cinco anos.

Ás 9:05 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA**

O/A SECRETARIO/A DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI04G	<i>Expediente</i> CON/68/2014	

ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro e montaxe de neumáticos, equilibrados de rodas e alineacións de dirección para os diferentes vehículos adscritos ó Parque Móbil do Concello de Santiago.

TIPO DE LICITACIÓN: 12.376,03 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela Urbanismo, 2 marzo 2015, ás 8:55 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª Manuel Martínez Varela

Vocales: D./Dª. Ramón Quiroga Límia, representante do grupo PP.

D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.

Dª Luisa Prego de Oliver, xefa de servizo de asistencia xurídica.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación requirida ao licitador **NEUMATICOS PAJARO SL**, remitida en resposta ó requerimento de subsanación da documentación acreditativa da súa solvencia técnica, aportando certificados de boa execución dos contratos máis importantes dos últimos cinco anos, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adjudicación acordada na anterior sesión da mesa de contratación do 2 de febreiro a favor do mencionado licitador.

Ás 9:00 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA**

O/A SECRETARIO/A DA MESA

